



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

## ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DA VIVENDA

### Proposta

Que a Comisión informativa correspondente ditamine e o Pleno adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte

### ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DA VIVENDA

É obxecto da presente ordenanza regular as axudas á rehabilitación das vivendas do Casco Histórico de Chantada, dada a relevancia histórico-artística do mesmo, o que deu lugar o seu recoñecemento pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, por Resolución do Conselleiro de data de xuño de 2000.

O Concello de Chantada asinou o Acordo de financiamento para a realización conxunta das obras de rehabilitación de edificios e vivendas da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Antigo de Chantada (Lugo) da Comisión Bilateral celebrada o 27 de outubro de 2015, relativo á devandita Área.

#### Artigo 1. Ámbito

Poden ser obxecto de axudas as edificacións e vivendas incluídas na Área de Rehabilitación do casco antigo de Chantada.

#### Artigo 2. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas deste programa as comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios ou os propietarios únicos de edificios de vivendas. Para aqueles edificios que teñan integramente como destino o aluguer, durante, polo menos 10 anos a contares desde a recepción da axuda, poderán ser beneficiarios, tamén, as Administracións Públicas e os organismos e demais entidades de dereito público, así como as empresas públicas e sociedades mercantís participadas íntegra ou maioritariamente polas Administracións propietarias dos inmobles.

#### Artigo 3. Actuacións previstas.

As axudas previstas neste programa está dirixidas á rehabilitación das vivendas do Casco Histórico de Chantada.

#### Artigo 4. Tipo e cuantía das axudas.

1. A cuantía máxima das axudas determinarase en función do custe subvencionable da actuación correspondente ó edificio ou edificios, que comprenderá o custe total das actuacións subvencionables nas condicións establecidas no artigo 5 desta Ordenanza. No caso de conter actuacións de mais de un dos tipos indicados, o orzamento deberá desglosarse de acordo a cada unha delas.
2. A cuantía máxima das subvencións a conceder por edificio, que non poderá superar o importe de multiplicar 11.000 euros por cada vivenda e por cada 100 m<sup>2</sup> de superficie útil de local (12.100 euros cando se trate de edificios declarados bens de interese cultural, catalogados ou





# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente) aterase ás seguintes condicións:

- a) Calcularase multiplicando, polo número de vivendas e por cada 100 m<sup>2</sup> de superficie útil de locais do edificio, que consten na escritura de división horizontal, ou, no seu defecto, no rexistro da propiedade ou no catastro, as axudas unitarias establecidas a continuación:
  - 2.000 euros para as actuacións de conservación. Neste caso, se ademais se acometen simultaneamente actuacións para mellora da calidade e sostibilidade que resulten subvencionables por este Programa, a axuda de conservación incrementarase en 1.000 euros, e noutros 1.000 euros máis, se ademais se realizan obras de accesibilidade.
  - 2.000 euros para as actuacións de mellora da calidade e sostibilidade, cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 5.2 desta Ordenanza, ou de 5.000 euros, como máximo, se, en cumprimento de ditas condicións, se reduza polo menos un 50% a demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración do edificio.
  - 4.000 euros para as actuacións de mellora da accesibilidade. As cuantías sinaladas anteriormente poderán incrementarse nun 10% cando se trate de edificios declarados Bens de Interese Cultural, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.
- b) A cuantía máxima das subvencións a conceder por edificio non poderá superar o 35% do custe subvencionable da actuación. Non obstante, e de maneira excepcional no caso de actuacións para a mellora da accesibilidade e unicamente nesta partida, poderase chegar ó 50%.
- c) En calquera dos casos anteriores, para poder computar a cuantía establecida por cada 100 m<sup>2</sup> de superficie útil de local será necesario que os acordos a que se refire o apartado 1.b) do artigo 6 desta Ordenanza establezan que os locais participen nos custes de execución das obras correspondentes.

## Artigo 5. Actuacións subvencionables.

1. Consideraranse actuacións subvencionables para a conservación, as obras e traballos que se acometan para subsanar as seguintes deficiencias:
  - a) As detectadas, con carácter desfavorable, no “Informe de avaliación do edificio” ou informe de inspección técnica equivalente, relativas ó estado de conservación da cimentación, estrutura e instalacións.
  - b) As detectadas, con carácter desfavorable, no “Informe de avaliación do edificio” ou informe de inspección técnica equivalente, relativas ó estado de conservación de cubertas, azoteas, fachadas e medianeiras ou outros elementos comúns, cando se realicen en edificios declarados Bens de Interese Cultural, catalogados ou protexidos, ou situados dentro de conxuntos histórico-artísticos, ou cando non concurrindo ditas circunstancias, se executen simultaneamente con actuacións para a mellora da calidade e sostibilidade que resulten subvencionables por este Programa.
  - c) As que se realicen nas instalacións comúns de electricidade, fontanería, gas, saneamento, recollida e separación de residuos e telecomunicacións, co fin de adaptalas á normativa vixente.
2. Consideraranse actuacións subvencionables para a mellora da calidade e sostibilidade nos edificios, as seguintes:
  - a) A mellora da envolvente térmica do edificio para reducir a súa demanda enerxética de calefacción ou refrixeración, mediante actuacións de mellora do illamento térmico, a substitución de carpinterías e acristalamentos dos ocós, ou outras, incluíndo a instalación





# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

- de dispositivos bioclimáticos. En todo caso, deberase cumprir como mínimo o establecido no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB-HE1.
- b) A instalación de sistemas de calefacción, refrixeración, produción de auga quente sanitaria e ventilación para o acondicionamento térmico, ou o incremento da eficiencia enerxética dos xa existentes, mediante actuacións como: a substitución de equipos de produción de calor ou frío, a instalación de sistemas de control, regulación e xestión enerxética, contadores e repartidores de custes enerxéticos para instalacións centralizadas de calefacción; o illamento térmico das redes de distribución e transporte ou a substitución dos equipos de movemento dos fluídos caloportadores; a instalación de dispositivos de recuperación de enerxías residuais; a implantación de sistemas de enfriamento de balde por aire exterior e de recuperación de calor do aire de renovación, entre outros.
  - c) A instalación de equipos de xeración ou que permitan a utilización de enerxías renovables como a enerxía solar, biomasa ou xeotermia que reduzan o consumo de enerxa convencional térmica ou eléctrica do edificio. Incluirá a instalación de calquera tecnoloxía, sistema, ou equipo de enerxía renovable, como paneis solares térmicos, a fin de contribuír á produción de auga quente sanitaria demandada polas vivendas, ou a produción de auga quente para as instalacións de climatización.
  - d) A mellora da eficiencia enerxética das instalacións comúns de ascensores e iluminación, do edificio ou da parcela, mediante actuacións como a substitución de lámparas e luminarias por outras de maior rendemento enerxético, xeneralizando por exemplo a iluminación LED, instalacións de sistemas de control de prendido e regulación do nivel de iluminación e aproveitamento da luz natural.
  - e) A mellora das instalacións de subministro e instalación de mecanismos que favorezan o aforro de auga, así como a implantación de redes de saneamento separativas no edificio y de outros sistemas que favorezan a reutilización das augas grises e pluviais no propio edificio ou na parcela ou que reduzan o volume de vertido ó sistema público de saneamento.
  - f) A mellora ou acondicionamento de instalacións para a adecuada recollida e separación dos residuos domésticos no interior dos domicilios e nos espazos comúns das edificacións.
  - g) As que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do Código Técnico da Edificación DB-HR, protección contra o ruído.
  - h) O acondicionamento dos espazos privativos da parcela para mellorar a permeabilidade do solo, adaptar a xardinería a especies de baixo consumo hídrico, optimizar os sistemas de rega e outras actuacións bioclimáticas. Para resultar subvencionables, o conxunto de actuacións para o fomento da calidade e sostibilidade previsto debe conter, en todo caso, actuacións das incluídas nunha ou varias das letras a), b) o c) anteriores, de forma que se consiga unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración do edificio, referida á certificación enerxética, de polo menos un 30% sobre a situación previa a ditas actuacións. Para a súa xustificación poderase utilizar calquera dos programas informáticos recoñecidos conxuntamente polos Ministerios de Fomento e de Industria, Enerxía e Turismo que se atopan no Rexistro Xeral de documentos recoñecidos para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios.
3. Consideraranse actuacións para realizar os axustes razoables en materia de accesibilidade, as que adecúen os edificios e os accesos ás vivendas e locais, á normativa vixente. En particular:
- a) A instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas ou outros dispositivos de accesibilidade, incluíndo os adaptados ás necesidades de persoas con discapacidade sensorial, así como a súa adaptación, unha vez instalados, á normativa sectorial correspondente.





# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

- b) A instalación ou dotación de produtos de apoio tales como guindastres ou artefactos análogos que permitan o acceso e uso por parte das persoas con discapacidade a elementos comúns do edificio, tales como xardíns, zonas deportivas, piscinas e outros similares.
  - c) A instalación de elementos de información ou de aviso tales como sinais luminosas ou sonoras que permitan a orientación no uso de escaleiras e ascensores.
  - d) A instalación de elementos ou dispositivos electrónicos de comunicación entre as vivendas e o exterior, tales como videoporteiros e análogos.
4. Todas as actuacións subvencionables anteriores poderán incluír ós efectos da determinación do custe total das obras: os honorarios dos profesionais intervinentes, o custe da redacción dos proxectos, informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa, e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles sexan debidamente xustificadas. Non se incluírán, impostos, taxas ou tributos.

Artigo 6. Condicións particulares das actuacións obxecto desta Ordenanza.

1. Para a obtención das axudas relacionadas nesta Ordenanza, requírese que:

- a) O edificio conte co correspondente “Informe de avaliación” co contido que establece o Anexo II do Real Decreto 233/2013, de 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, cumprimentado e subscrito por técnico competente. A tales efectos, se a Inspección Técnica de Edificios ou instrumento de natureza análoga existente no Concello ou Comunidade Autónoma, aportase a mesma información que dito informe require, bastará coa súa presentación, se estivese actualizado. No caso de que a información aportada recolla parcialmente a sinalada no devandito anexo II, poderase incorporar directamente ó informe, debendo ser cumprimentado o resto por un técnico competente.
  - b) As actuacións contén co acordo da Comunidade ou Comunidades de Propietarios de que se trate, debidamente agrupadas, salvo nos casos de edificios de propietario único, e coa autorización administrativa correspondente, cando sexa preceptiva.
  - c) Cando se trate de actuacións para realizar os axustes razoables en materia de accesibilidade e/ou mellorar a calidade e sostibilidade do edificio ou edificios que pretendan acollerse as axudas, sumarán como mínimo 3 vivendas, ou excepcionalmente menos, cando no inmovible vaian a acometerse simultaneamente obras de conservación ou cando habiten persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.
  - d) Se aporte Proxecto da actuación a realizar. Para o caso de que as actuacións non esixan proxecto, xustificarse cunha memoria subscrita por técnico competente a adecuación da actuación ó Código Técnico da Edificación hasta onde sexa viable, urbanística, técnica ou economicamente.
2. O custe subvencionable da actuación, incluíndo os gastos mencionados no apartado 4 do artigo 5, non poderá superar os custes medios de mercado que a tales actuacións correspondan.
3. Cando se trate de actuacións de conservación, terán preferencia as actuacións nas que non mais do 60% dos propietarios de vivendas do edificio estén integrados en unidades de convivencia cuxos ingresos non superen en 6,5 veces o IPREM.

Artigo 7. Asesoramento técnico.

Os técnicos da Oficina de Rehabilitación facilitarán gratuitamente a asistencia técnica necesaria para a tramitación das axudas incluídas na presente Ordenanza.







# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

## Artigo 8. Compatibilidade.

Estas axudas son compatibles con calquera outra desta ou de outras administracións coa excepción do sinalado no punto 4 do artigo 23 do do Real Decreto 233/2013, de 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

## Artigo 9. Xestión das subvencións.

1. A subvención solo se abonará cando o beneficiario aporte:

- a) O acordo da comunidade ou comunidades de propietarios, debidamente agrupadas neste último caso, cando sexa preciso de conformidade coa lexislación aplicable, salvo nos casos de propietario único do edificio.
  - b) A licenza ou autorización municipal que sexan precisas para a realización da obra de rehabilitación correspondente.
  - c) O certificado de fin da obra de rehabilitación asinado por técnico competente.
2. O prazo para executar a obra de rehabilitación non poderá exceder de 16 meses, contados desde a data que figure no certificado de inicio da obra de rehabilitación. Este prazo poderase ampliar excepcionalmente hasta 18 meses cando se trate de edificios ou actuacións que afecten a 40 ou mais vivendas.

Disposición derogatoria.- Queda derogada a Ordenanza reguladora das axudas a rehabilitación de vivendas, deste Concello de Chantada, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 165 do 19 de xullo de 2002.

Disposición final.- A presente Ordenanza entrará en vigor trala súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia. As súas normas serán o marco da/s convocatoria/s que ao abeiro da normativa de subvención proceda realizar para a cabo o fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración urbanas, cofinanciado co Ministerio de Fomento e os particulares que resulten beneficiarios das axudas.

SEGUNDO.- Expoñer este acordo inicial por prazo de trinta días, segundo o previsto no art. 49 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local. No caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo sen necesidade de acordo plenario, procedéndose a publicar a modificación resultante no “Boletín Oficial da Provincia.”

Chantada, 5 de novembro de 2015

O Alcalde,

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.







# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

## Artigo 8. Compatibilidade.

Estas axudas son compatibles con calquera outra desta ou de outras administracións coa excepción do sinalado no punto 4 do artigo 23 do do Real Decreto 233/2013, de 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

## Artigo 9. Xestión das subvencións.

1. A subvención solo se abonará cando o beneficiario aporte:

- a) O acordo da comunidade ou comunidades de propietarios, debidamente agrupadas neste último caso, cando sexa preciso de conformidade coa lexislación aplicable, salvo nos casos de propietario único do edificio.
  - b) A licenza ou autorización municipal que sexan precisas para a realización da obra de rehabilitación correspondente.
  - c) O certificado de fin da obra de rehabilitación asinado por técnico competente.
2. O prazo para executar a obra de rehabilitación non poderá exceder de 16 meses, contados desde a data que figure no certificado de inicio da obra de rehabilitación. Este prazo poderase ampliar excepcionalmente hasta 18 meses cando se trate de edificios ou actuacións que afecten a 40 ou mais vivendas.

Disposición derogatoria.- Queda derogada a Ordenanza reguladora das axudas a rehabilitación de vivendas, deste Concello de Chantada, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 165 do 19 de xullo de 2002.


Disposición final.- A presente Ordenanza entrará en vigor trala súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia. As súas normas serán o marco da/s convocatoria/s que ao abeiro da normativa de subvencións proceda realizar para levar a cabo o fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración urbanas, cofinanciado co Ministerio de Fomento e os particulares que resulten beneficiarios das axudas.

SEGUNDO.- Expoñer este acordo inicial por prazo de trinta días, segundo o previsto no art. 49 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local. No caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo sen necesidade de acordo plenario, procedéndose a publicar a modificación resultante no “Boletín Oficial da Provincia.”



Chantada, 5 de novembro de 2015

O Alcalde,

  
Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.



88 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1.684/1990, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario, o comprendido entre os días 15 de xullo ó 15 de setembro do presente ano, en horario de 9.00 a 14.00 horas, nas dependencias da Recadación Municipal do Concello de Burela, e de conformidade co disposto no artigo 14.2, da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en relación cos apartados 3 do anexo I, e 96 do anexo IV, do Real Decreto 803/1994, polo que se modifican determinados procedementos tributarios, faise público que os interesados terán que interpoñer con carácter preceptivo ante a Comisión de Goberno e contra a aplicación e efectividade do imposto, o recurso de reposición a que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985, de 2 de abril, previo ó contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende a publicación deste anuncio no BOP, recurso que se entenderá desestimado se non recae resolución dentro do prazo máximo de un mes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso sinalado, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán o recargo correspondente, intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, a 11 de xullo do 2002.- O Alcalde P.D.F. (Resolución Alcaldía 8-9-99), O Segundo Tte. de Alcalde, Cristóbal Edrosa Fernández.

R. 32274000003487

## CHANTADA

### Edicto

Elevada a definitiva, por non se haber presentado reclamación ningunha contra a mesma en período de exposición pública, a ordenanza reguladora das axudas a rehabilitación da vivenda, de conformidade co disposto no artigo 17.4 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, o texto da ordenanza aprobada e que figura a continuación como anexo a este edicto.

Chantada, 4 de xullo do 2002.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

### Ordenanza reguladora das axudas a rehabilitación da vivenda

#### CONCEPTO

O obxecto da presente ordenanza é a rehabilitación do casco antigo de Chantada, dada a relevancia histórico-artística do mesmo, o que deu lugar ó seu recoñecemento pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, por Resolución do Conselleiro de data 5 de xuño do 2000.

O Concello de Chantada asinou un convenio co Instituto de Vivenda e Solo para proceder á recuperación da área urbanística pertencente ó casco antigo da vila de Chantada.

#### Artigo 1.º.- AMBITO

As edificacións e vivendas da área de rehabilitación do casco antigo de Chantada que serán obxecto de axudas son as comprendidas nas rúas especificadas na Memoria-Programa da Área de Rehabilitación aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 7 de setembro do ano 1999, redactada pola empresa "Ingeniería del Atlántico, S.A." (IDASA).

#### Artigo 2.º.- BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar estas axudas:

- Os propietarios e usufructuarios de vivendas ou edificios destinados a vivendas.

- Os inquilinos de vivendas ou edificios de vivendas ou edificios de vivendas que teñan autorización da propiedade para acometer obras na vivenda ou edificio que ocupan como arrendatarios.

- As comunidades de propietarios ou veciños con capacidade legal para decidir as obras nos edificios ou vivendas.

#### Artigo 3.º.- ACTUACIONES PREVISTAS.

As axudas previstas neste Plan dirixense a subvencionar a rehabilitación das vivendas para mellorar a calidade da vida e as condicións de habitabilidade encamiñadas a salvagardar o patrimonio edificado.

As obras serán as reflexadas no anexo desta ordenanza.

#### Artigo 4.º.- CARACTERISTICAS DAS AXUDAS.

4.1.- Axudas sobre o importe da execución das obras:

Diferéncianse tres niveis de axuda en función dos ingresos da unidade familiar:

- Os solicitantes cuns ingresos anuais ponderados que excedan de 21.035,42 euros, poderán recibir unha subvención a fondo perdido do 25% do custo das obras executadas.

- Os solicitantes cuns ingresos anuais ponderados que estean comprendidos entre 9.015,18 euros e 21.035,42 euros, poderán recibir unha subvención a fondo perdido do 40% do custo das obras executadas.

- Os solicitantes cuns ingresos anuais ponderados que sexan menores de 9.015,18 euros, poderán recibir unha subvención a fondo perdido do 60% do custo das obras executadas.

Establécese a porcentaxe lineal do 45% para os elementos comúns dos edificios de vivendas.

O cálculo dos ingresos anuais ponderados realizárase multiplicando os ingresos familiares polos seguintes coeficientes:

Coeficiente A: 0.9302.

Coeficiente B: Depende do número de membros da unidade familiar.

(24.01.2012) Unha vez se poden pagar ingresos para aluguer

N.º de membros da unidade familiar	Coeficiente B
1	1,00
2	0,97
3	0,93
4	0,90
5	0,87
6 ou máis	0,83

#### 4.2.- ASESORAMENTO TECNICO.

Os técnicos da Oficina de Rehabilitación facilitarán gratuitamente a asistencia técnica necesaria para a realización das obras que o solicitante desexa acometer.

#### 4.3.- Axudas á xestión.

Os técnicos da Oficina de Rehabilitación encarganse da redacción das memorias valoradas, dos contratos de obra, da supervisión e control e do informe de recepción final das mesmas.

#### Artigo 5.º.- PRESUPUESTO PROTEXIBLE.

O presuposto protexible será o custo real das obras a acometer, sempre que estean incluídas nas actuacións protexibles previstas e con as seguintes limitacións:

- Establécese en 3.005,06 euros a contía mínima do presuposto de obra a realizar por vivenda ou zonas comúns do edificio, incluído o I.V.E.

- Establécese en 24.040,48 euros a contía máxima do presuposto de obra subvencionable por vivenda ou zonas comúns do edificio, incluído o I.V.E.

#### Artigo 6.º.- COMPATIBILIDADE.

Estas axudas son compatibles con calquera outra desta ou doutras administracións.

#### Artigo 7.º.- Perda da axuda concedida:

Serán causa de perda da axuda concedida:

- A non adaptación ó planeamento urbanístico existente para o municipio de Chantada en xeral e para a zona protexida en particular.

A incorrecta realización das obras aprobadas ou a non adaptación nos criterios da oficina.

- A non execución completa das obras.

- A execución de obras non aprobadas previamente pola Oficina de Rehabilitación Municipal.

- O incumprimento non xustificado do prazo de execución das obras establecido no contrato.

#### Artigo 8.º.- Condicións dos edificios.

Os edificios e vivendas para os que se soliciten as axudas nesta ordenanza deberán:

- Ter unha antigüidade superior a dez anos.

- Estar en aceptables condicións de estanqueidade e seguridade estrutural.

- Ter as condicións mínimas de habitabilidade, ou proporse alcanzalas coa realización das obras complementarias e simultáneas ás axudas que se solicitan.

- Ter polo menos un 50% da súa superficie útil destinada a vivenda.

- Iluminación e ventilación natural.

#### Artigo 9.º.- VALORACION DAS OBRAS.

As obras serán valoradas polos técnicos da Oficina de Rehabilitación, que previa inspección técnica da vivenda ou do edificio, elaborarán en cada caso os informes técnicos correspondentes ó tipo de obra solicitada, de acordo coas necesidades expostas polo/a solicitante, segundo criterios de lóxica constructiva e adaptándose á normativa técnica existente.

A valoración das obras farase conforme á base de prezos por unidades de obra elaborado para este fin pola Oficina de Rehabilitación.

#### Artigo 10.º.- PRAZOS E SOLICITUDES.

Establécese un prazo de vinte días dende a publicación do acordo da Comisión de Goberno sobre apertura do prazo de presentación de solicitudes no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, podendo prorrogarse ou realizarse novas convocatorias, se se estima conveniente.

Os interesados deberán presentar a solicitude por escrito no Rexistro Xeral do Concello de Chantada sito na casa do Concello. Esta deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade (D.N.I.).

- Documentación acreditativa da propiedade do edificio ou vivenda.

- No seu caso, contrato de arrendamento e convenio entre a propiedade e o inquilino para a realización das obras.

- Fotocopia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ó exercicio inmediatamente anterior ó momento en que se solicita a axuda.

- Se o solicitante non ten obriga de realizar a declaración do I.R.P.F., certificación da Delegación de Facenda na que se faga constar o seu carácter de non declarante.

- Para as obras en elementos comúns dos edificios, acordo entre propietarios e inquilinos ou acta da reunión da comunidade de propietarios.

- As solicitudes serán informadas pola Oficina Municipal de Rehabilitación que elevará informe motivado á Alcaldía.

O outorgamento da subvención será competencia da Comisión de Goberno en base ó informe elaborado.

#### Artigo 11.º.- XESTION DA OBRA.

##### 11.1.- Contratación das obras.

A memoria valorada das obras obxecto das axudas

constituirá a base do contrato de obra entre as partes, como presuposto máximo subvencionable, previa aceptación do seu contido polo/a solicitante, que pactará o presuposto de contrata coa empresa encargada da súa execución.

As obras poden ser contratadas directamente polo/a solicitante cunha empresa da súa elección, ou a través da Oficina de Rehabilitación, que facilitará a contratación dunha das súas empresas colaboradoras.

En todo caso, a firma do contrato realizarase na oficina co obxectivo de establecer ó mesmo tempo o calendario da intervención, fixando o inicio das obras e o período de execución das mesmas.

Todas as empresas contratadas para realizar obras coas axudas nesta ordenanza definidas, deberán estar ó corrente das súas obrigas fiscais e coa seguridade social, e no impo de actividades económicas do ano en curso e declaración expresa e responsable á firma do contrato.

A licenza de obras deberá ser solicitada polo interesado, a través da oficina de xestión de axudas á rehabilitación.

#### 11.2.- Inicio das obras.

Na data convida á firma do contrato, procederase ó comezo das obras, levantándose acta de inicio en presenza do/a solicitante ou promotor/a, onde se vaian realizar.

#### 11.3.- Realización das obras.

As obras obxecto de axudas axustaranse ó convido na memoria valorada e contrato suscrito entre as partes, non se admitindo ningunha modificación sen o consentimento e aceptación polo técnico da oficina encargado do seguimento e supervisión das mesmas.

Se no transcurso da obra se constatar a necesidade de modificar ou substituír calquera elemento estrutural da edificación, o promotor solicitante deberá requirir a asistencia dun arquitecto e proverse do necesario proxecto de obras, así como proceder á tramitación da correspondente licenza.

#### 11.4.- Finalización das obras e abono das axudas.

Cando se estimen concluídas conforme á memoria inicial ou as modificacións aceptadas polo técnico da oficina encargado da supervisión das obras, procederase a recibilas, realizándose o informe de final das mesmas e a súa valoración, co que se procederá á aprobación definitiva da subvención.

Este informe realizarase no prazo máximo de 15 días dende a finalización das obras.

11.4.1.- Cando a obra é realizada por unha empresa en cal elección non intervén a oficina de xestión de axudas á rehabilitación:

- O/a solicitante ou promotor/a acordará a súa forma de pago co contratista.

- A Administración abonará ó promotor/a o importe

de axuda concedida, establecida como tanto por cento da inversión realmente realizada, unha vez efectuada a recepción das obras, e comprobando o pago mediante a aportación das facturas da mesma.

Dito abono producirase no prazo máximo de un mes dende a data de aprobación definitiva da subvención.

11.4.2.- Cando a obra é realizada por unha das empresas colaboradoras da Administración:

- O/a solicitante ou promotor/a acordará co contratista a forma de pago da cantidade que lle corresponde abonar, deducindo o importe de axuda concedida establecida como tanto por cento sobre o valor da obra realmente executada.

- Recibidas as obras, a Administración abonará ó contratista unha certificación de liquidación única polo importe da axuda concedida, establecida como porcentaxe sobre a valoración final das obras executadas, e previa comprobación das facturas da mesma.

Dito abono producirase no prazo máximo de un mes dende a data de aprobación definitiva da subvención.

#### ANEXO: EXPOSICION DE MOTIVOS, CRITERIOS DE DISEÑO ARQUITECTONICO E ESPECIFICACION DOS TIPOS DE OBRA

Obsérvase na actualidade unha tendencia a degradación e posterior abandono dos máis importantes núcleos de poboación históricos da nosa comunidade.

Existen áreas de gran valor histórico cunha herencia tipolóxica e constructiva moi valiosa camiño de conversión en espazos "fantasma" pola desaparición dos seus habitantes que non son substituídos polos novos, pois estes incorpóranse a outros barrios.

Esto débese en grande medida ás poucas aceptables condicións de habitabilidade das vivendas debido á falta de mantemento e adecuamento á oferta do mercado en temas de confort que si se introducen na nova construción e que marcan unha apreciable diferenza.

Os tipos de intervención que se reflexan nesta liña de axudas, van encamiñadas principalmente á salvagarda da tipoloxía no casco de Chantada, o mantemento da estrutura de unidade de propiedade ou habitación e á introducción de melloras nas vivendas (illamentos, condicións térmicas, acústicas,...) coherentemente coa tipoloxía constructiva existente, axudando á consolidación e protección das estruturas tradicionais nos casos que o requira a intervención, e á conservación dos elementos tradicionais de carpintería de madeira.

#### ESPECIFICACION DE TIPOS DE OBRAS

As obras subvencionables serán as incluídas nun ou máis dos seguintes apartados:

##### INTERVENCIONS PROTEXIBLES BASICAS

- Instalacións eléctricas: Renovación, mellora, ampliación ou creación de novos circuitos nas vivendas ou espazos comúns do edificio.

- Instalacións de fontanería: Renovación, mellora ou

creación de novas conducións, sistema de quentamento de auga e calefacción.

- Instalacións de saneamento: renovación, mellora, ampliación ou creación de novas conducións horizontais e verticais e a súa conexión coa rede xeral de saneamento.

- Instalacións sanitarias: Substitución e/ou colocación de elementos sanitarios, incluído a grifería.

- Adecuamento de cociñas e baños: Renovación e mellora dos locais húmidos, illamentos dos paramentos para eliminación e protección contra humidades, acabados horizontais e verticais, protección de elementos estruturais. Instalacións de shunts e ventilacións forzadas.

- Consolidación das estruturas degradadas cos materiais tradicionais ou, nos casos que sexa conveniente, con perfilaría de aceiro e reposición de puntóns de madeira.

#### INTERVENCIONS PROTEXIBLES COMPLEMENTARIAS

Son intervencións protexibles complementarias as que se realizan ademais das anteriores e debidas directa ou indirectamente a estas.

- Reparación ou substitución de elementos de cerramento e carpinterías afectados polas obras de adecuamento de locais húmidos.

- Reparación ou substitución de carpinterías exteriores.

- Modificacións de distribucións sempre que sexa para mellorar as condicións de habitabilidade da vivenda (iluminación e ventilación), e complementarias ás intervencións en instalacións.

Estas modificacións nunca afectarán os núcleos de escaleiras ou ós accesos das vivendas.

- Reparación ou conservación dos elementos de formación da cuberta co obxectivo de procurar a estanqueidade, como complemento doutros tipos de obras subvencionables e acorde co planeamento existente.

- Adecuamento de portais e accesos a vivendas: Instalación de porteiro automático, reparación e pintura de paramentos, renovación ou substitución de instalacións eléctricas. Reparación ou substitución de portas de acceso.

- Reparación e tratamento de fachadas: Limpeza de pedra, reparación de revocos e enfoscados, consolidación de gretas.

Quedan expresamente prohibidas as demolicións e baleirados da edificación primitiva.

Chantada, 19 de abril do 2002.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 32274000003382

#### Anuncio

Aprobada inicialmente a ordenanza reguladora da limpeza de terreos e solares, medidas preventivas contra incendios forestais e plantacións de árbores, ábrese un período de 30 días, contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o procedemento na Secretaría do Concello e formular as alegacións que estime pertinentes.

Chantada, 4 de xullo do 2002.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 32274000003423

#### FOLGOSO DO COUREL

Habendo quedado definitivamente aprobado o expediente de modificación de créditos n.º 1, dentro do vixente orzamento municipal para o exercicio 2002, aprobado por acordo plenario da Corporación Municipal do 23 de maio do 2002, por importe de 21.000 euros, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 158.2 en relación co 150.3 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

Cap. 1.- Remuneracións de personal	207.468,44 euros
Cap. 2.- Gastos en bens correntes e en servicios	101.976,64 euros
Cap. 3.- Gastos financeiros	4.808,10 euros
Cap. 4.- Transferencias correntes	6.606,07 euros
Cap. 6.- Invetimentos reais	180.607,02 euros
Cap. 9.- Pasivos financeiros	10.151,09 euros
<b>SUMA TOTAL</b>	<b>511.617,36 euros</b>

Isto faise público para xeral coñecemento e efectos.

Folgoso do Courel, 05 de xullo do 2002.- O Alcalde, José López Fontal.

R. 32274000003397

#### O INCIO

##### Edicto

Por el Ayuntamiento Pleno en sesión ordinaria, de fecha 6 de junio de 2002, se prestó aprobación inicial al expediente de depuración de derechos reconocidos pendientes de cobro y obligaciones reconocidas pendientes de pago correspondientes a ejercicios cerrados.

El expediente se expone al público en la Secretaría municipal, por plazo de veinte días, siguientes al de la publicación del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, a efectos de audiencia de todos los interesados para la presentación de reclamaciones; transcurrido dicho plazo, sin que se hubiere presentado ninguna, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo hasta entonces provisional, procediéndose a la baja de la relación de deudores y acreedores y en las cuentas y contabilidad municipal como tales derechos y obligaciones.